

MIRANDO O 93

Qué lugar lle quedará aos marxinados no futuro

Por TAREIXA NAVAZA GONZALEZ

Dicia, hai pouco, uña destacada soprano que os éxitos dan seguridade. Viceote Verdú no seu recente libro «Éxito y fracaso. El sentido de la vida» escribe: «Unha sociedade coma a nosa, onde as pautas de conducta se fixeron tan dubiosas e moi incertas as perspectivas que ó individuo se lle ofrecen para orienta-lo proxeecto da súa propia exis-

Marxinadas son as persoas que viven arredadas das condicions «normais» dunha sociedade; excluídas de diferentes status: vivenda, ensino, traballo... A marxinación-transferencia de persoas ás marxes da sociedade é o contrario de integración social, de participación. A marxinación non interesa, polo xeral, ós medios de comunicación nin ós políticos. A sociedade, en xeral, reduce a gusto que é un xeito de non vela para así pensar que non existe e dormir tranquilos.

Nas últimas eleccións municipais, a asociación «Estudiantes solidarios» organizou, en Santiago, unhas xornadas para saber cal era o programa dos diferentes partidos políticos para atallala marxinación. Atoparon serias dificultades para contar con representantes dos dous partidos maioritarios.

Xa en plena campaña viños como a candidata do PP á alcaldía compostelá utilizou a diferentes persoas que conforman colectivos marxinados para sair nas fotos. Nelas aparecía con vellos, nenos deficientes mentais, cos máis pobres dos barrios máis deprimidos... Todo bastante lonxe dos mínimos niveis éticos.

Pobre e marxinado

Marxinación e pobreza non son situacións intercambiables sin mais. Unha persoa pode ser pobre e non estar marxinada, ou estar marxinada e non ser pobre; pero os pobres están marxinados, excluídos, cada dia máis. A pobreza é a manifestación dunhas estructuras sociais de dominación, explotación e exclusión; e consecuencia dun sistema económico e social inxusto e está agravada polo desemprego.

A pobreza está intimamente unida á desigualdade e como inxustiza social se recibe tardeamente, a finais do século XVIII. O importante é non esquecer que o criterio de pobreza é, precisamente, a riqueza doutros. Normalmente a pobreza reproducése a si mesma (un po-



bre é fillo o neto doutros pobres) e transmítense ás futuras xeracións.

¿A quién podemos considerar, hoxe, marxinados? quen integra ese grupo? Pois ademais dos «pobres» que non teñen rendas para levar unha vida normal, digna, en relación co grao de desenvolvemento da sociedade a lista é longa, moi longa. Poderíamos principiar polos *Novos marxinados* –os que están no paro e non teñen posibilidades de acceso ó traballo, ben porque non o hai ou porque non teñen a formación profesional requirida; os *mezquitos*, que non accederon ó primeiro emprego e non teñen polo tanto acceso ó mercado de traballo. Seguiríamos polos *vellos*, cada

tencia, a loita por afirmarse fronte ós demais adquire aspectos de desapaliada brutalidade». Nesta sociedade, agora, onde abunda a competencia sen escrupulos, onde se adora o becerro de ouro, onde hai que triunfar e ter poder sen importar los inéditos, calquera persoa sensible comproba que o número de marxinados é cada vez maior.

dade física ou ivalidez. En Galicia, en xeral, non teñen lugares onde se reunir.

As cidades son hostis para eles. A Política social aplicada no tema do ocio, unificando, tenta divertilos a todos por igual: xogan ás cartas ou dominó nos clubes de xubilados, van quince días a un balneario ou a Benidorm, elixen Miss Galicia da terceira idade en Melide; pero esa Política Social non atopa unha praza nouha Residencia cando un vello ten que deixar-la súa vivenda.

O casal de Ramón Leboráns

Lamentable realidade vivida, en Santiago, hai pouco tempo, por Ramón Leboráns de 82 anos a quem obrigaron a deixar a casa na que viviu nos últimos sesenta anos. Gracias ás presións da Asociación de veciños do Casco Vello, ten unha praza na Residencia compostelá das Rodas.

¡E que dicir de tantos vellos que viven sós e non teñen a ninguén que os coide porque a axuda a domicilio é insuficiente! Di o Ministerio de Asuntos Sociais que hai 150 mil vellos que non cobran ningún tipo de pensión –e a case totalidade son mulleres.


E non podemos esquecer ás mulleres con cargas familiares, que non cobran as pensións asignadas despois dunha separación ou divorcio.

Os *minusválidos*, marxinados xa na escola, polas barreiras arquitectónicas e polos prejuizos sociais; as *minorías étnicas*, xiános e inmigrados que viven en chabolas ou furgonetas ós que a sociedade benpensante refuga.

Afastados da sociedade

Lembremo-lo caso do Poio-Pontevedra. Marxinados son todos aqueles que exercen actividades consideradas «nocivas» para a sociedade: prostitución, delincuencia, drogadicción... Galicia está chea de mulleres dominicanas e portuguesas traídas con enganos para logo obligalas a exercer a prostitución.

CARA A CARA



Maika Rizos: Me gustaría peinar a Xosé Manuel Beiras

Santiago (Por Ariana F. Palomo). Dicen que el cabello refleja el estado general de salud. Existen una infinitud de peinados que favorecen y Carmen Ferreira Campos, Maika es una de las profesionales compostelanas que domina a la perfección el arte de destacar cualquier rostro. Esta atractiva mujer, de ojos negros como el azabache, no hace milagros, pero consigue sacarle el mejor partido a las personas que van a su peluquería. Uno de sus deseos es peinar a Xosé Manuel Beiras.

–¿Qué significado tiene para ti, tu profesión?

–Siempre amé mucho a mi profesión. Mis comienzos fueron difíciles. Tuve que luchar por el valor que tenía para mí la peluquería, aunque mis padres se decataban por el magisterio. Mi marido tampoco lo consideró una buena profesión para mí. Pero, al final, conseguí demostrarles lo contrario. Hoy en día tengo una gran empresa y la suerte de que mi clientela confía plenamente en mí. Puedo considerarla satisfecha porque todos vuelven contentos.

–¿Fue muy difícil el cambio?

–Ahora que lo veo desde lejos, no recuerdo el pasado. Mi profesión ya tiene 25 años de experiencia a sus espaldas. El presente es el de una empresa que constantemente se está recyclando. La clave del éxito es un equipo de profesionales, escogidos entre los mejores. Cada uno de mis peluquerías recibe varias veces al año seminarios sobre nuevas técnicas, también salimos mucho al extranjero.

–¿Cuánto tiempo le puedes dedicar a tu familia?

–Mi familia es lo más importante que tengo. Una mujer de negocios como yo necesita un pilar sobre el que sostenerse y éste es mi marido. De mi hijo, cada vez que hablo se me llenó el corazón. Me costó mucho tenerlo y ahora que está con nosotros te puedo decir que es lo más importante de mi vida. No estoy todo el tiempo que quisiera con él, pero tenemos mucha confianza y una estrecha relación. Precisamente, uno de mis «hobbies» es jugar al golf y lo aprendí con él. Esta afición, junto con mi trabajo, son las cosas que ocupan mi tiempo libre.

–¿Cuál es tu debilidad?

–Mi debilidad son los zapatos. Soy incapaz de pasar por una zapatería y no comprarme un par de zapatos. El golf, también, como te dije antes. Y me distrae también mucho el mundo de la farándula. Yo he peinado a Silvia Tortosa, Lola Flores, Pitita Ridruejo y a muchísimos políticos. Uno de los últimos ha sido José María Aznar, un hombre muy humano que me presentó a María Jesús Sainz, una mujer muy inteligente.

Os hábitos consumistas

¿E cal é a política que se está a aplicar en Galicia? Se se fa algo ¿é o máis acertado? Parece que non porque os frutos non se ven. Seguirá habendo marxinados, mentres a nosa sociedade non cambie, e ademais radicalmente, os seus hábitos consumistas e atope uns valores diferentes aos actuais, baseados no diñeiro e ó lucro persoal.

Elección e valentía

Se falla a valentía para empeñarnos nunha elección de sociedade, ainda que implique unha modificación da estrutura de posicións sociais e das mentalidades (valores), non chegaremos

demasiado lonxe.

Dicia, hai pouco, o Presidente da Xunta de Galicia o señor Manuel Fraga Iribarne, nun xornal de Madrid «que hai que prometer menos e facer máis; dominar as tentacións de tanta corrupción posible; de proceder –continuaba dicindo– con verdadeira preocupación a aproveita-los recursos disponibles, sempre estos».

Pois ben, señores, procedamos, sexamos solidarios para loitar contra esta situación, para que un veciño de vostede, amigo lector, non sexa un marxinado.

–Conseguiréremolo no ano 93?

Individuos afastados pola sociedade

Muitos dos individuos marxinados non se afastaron da sociedade de gusto, senón empurrados por unhas causas contra as que non poden loitar, chegando esta situación a ser tan desesperada que en numerosas ocasións non atopan máis saída á súa erise que delinquir para gaña-la vida ou escapar da realidade a través da droga.

E da droga ó SIDA só hai un paso e ese sempre ben pequeno. A Xunta de Galicia crea o ano 89 un PLAN Autonómico. Non houbo nin revisión nin memoria anual. Creouse tamén unha Comisión de seguimento que non funciona. Presentouse ós medios de comunicación e máis nada.

Centros de acollida en Galicia

Polo tanto no ámbito institucional non se está a facer prevención, nin se crean centros de diagnóstico sin unidades de seguimiento. Non sabemos tampoco que aparecerán Centro de acollida. En Galicia hai declarados 400 casos de SIDA o que non deixa de ser sómente punta do iceberg. O SIDA hai que normalizalo, hai que aprender a vivir con el como facemos con calquera outra enfermedade.

Os cidadáns hai que lles recordar que é unha responsabilidade colectiva. Logo existen outras formas e outros colectivos de marxinados que están constituídos por aqueles que non comparten as opiniões, gustos, relixión, cultura, dos socialmente dominantes, nunha cunxuntura determinada e aqueles incluiríamos a feministas, pacifistas, ecologistas, obxectores, insubmisos, homosexuais... nunha palabra, todos aqueles movementos sociais, marxinados porque non tenen representación institucional.